

DOMINGO IV DE PASCUA (A)

PRIMEIRA LECTURA Feit 2, 14a. 36-41

Lectura do libro dos Feitos dos Apóstolos

O día de Pentecostés, Pedro, de pé cos Once, levantou a voz e díxo: - Saiba con certeza toda a casa de Israel que Deus fixo Señor e Mesías a este Xesús a quen vós crucificastes. Ó sentiren isto, quedaron moi impresionados e dixéronlle a Pedro e ós outros apóstolos: -Irmáns, ¿que debemos facer? Pedro respondeulles: - Arrepentídevos e cambiade, que cada un de vós se faga bautizar no nome de Xesús para o perdón dos seus pecados, e recibiréde-lo don do Espírito Santo. Porque a promesa é para vós e mais para os vosos fillos e para tódolos que están lonxe, tantos como queira chamar o Señor, noso Deus. Con moitas outras palabras testificaba e animábaos, dicindo: -Salvádevos desta xeración ruín. Os que recibiron a súa palabra foron bautizados: e ese mesmo día xuntáronselles arredor de tres mil almas.

SALMO RESPONSORIAL Sal 22, 1-3a. 3b-4. 5. 6

R/. (1): **O Señor é o meu pastor: nada me falta.**

Ou: **Aleluia.**

O Señor é o meu pastor, nada me falta:
En pastos verdecentes faime repousar.
El lévame a beber en augas tranquilas
e repón as miñas forzas;

Guíame por vereas rectas,
por mor do seu nome.
Se tiver de pasar por valgadas sombrizas,
ningún mal temería, pois ti vas comigo:
o teu bastón e o teu caxato son o meu sosego.

Ti pos para min a mesa,
á cara dos meus inimigos;
únxesme con perfume a cabeza,
e a miña copa reborda.

O teu benquerer e a túa misericordia vanme seguindo
tódolos días da miña vida.
Eu habitarei na casa do Señor
por días prolongados sen fin.

SEGUNDA LECTURA 1Pe 2, 20b-25

Lectura da primeira carta do Apóstolo San Pedro

Benqueridos irmáns: Se vos portades ben e, mesmo así, aguantades sufrimentos, isto é precioso ós ollos de Deus. De feito chamovos Deus para isto, porque tamén Cristo sufriu por vós, deixándovos así un exemplo para que sigáde-los seus pasos.

El, que non fixo pecado, nin engano se atopou na súa boca, cando o aldraxaban, non devolvía aldraxes; mentres sufría, non ameazaba, senón que se puña nas mans do que xulga con xustiza.

No seu corpo, el ofrendou os nosos pecados sobre a cruz, para que nós, mortos ó pecado, vivamos para a xustiza: curáronno-las súas chagas. Erades coma ovellas extraviadas, pero agora volvéstesvos ó voso pegureiro e pastor.

EVANXEO Xn 10, 1-10

Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán

Naquel tempo, díxolles Xesús ós fariseos: -Con toda verdade volo aseguro: o que non entra pola porta no curral das ovellas, senón que sobe por outra parte, é un ladrón e un bandido.

En cambio, quen entra pola porta é o pastor das ovellas. A ese ábrelle o porteiro, e as ovellas escoitan a súa voz. Chama as súas polo nome e lévaas a fóra. Cando as dá sacado a todas, vai diante delas e as ovellas ségueno, pois recoñecen a súa voz. Pero a un alleo non o seguirán, senón que fuxirán del, pois non coñecen a voz dos alleos.

Díxolles Xesús esta alegoría, mais eles non coñeceron que era o que lles daba a entender. Entón díxolles de novo: - Con toda verdade volo aseguro: eu son a porta das ovellas. Tódolos que viñeron antes ca min eran ladróns e bandidos; pero as ovellas non os escoitaron. Eu son a porta; se alguén entra por min, salvarase: entrará e sairá e atopará pasto. O ladrón non entra senón para roubar, matar e estragar. Eu vin para que teñan vida e para que a teñan de abondo.